



BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE NADAL 2020-2021:

- MODALIDADE: CARTEL DO PROGRAMA DE NADAL
- MODALIDADE: POSTAL FELICITACIÓN DE NADAL
- MODALIDADE: DECORACIÓN DE NADAL DE FACHADAS, BALCÓNS OU XARDÍNS.
- ADHESIÓN DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS DO MUNICIPIO Á CAMPAÑA #NADALENRIBEIRA DE BONOS DE COMPRA

Bases que rexen a convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o concurso de Nadal 2020-2021 nas modalidades de cartel, postal e decoración de fachadas, balcóns ou xardíns e de adhesión de establecementos comerciais e hostalería á campaña #NadalenRibeira organizado polo Concello de Ribeira.

Trátase dunha actividade promovida polo Concello de Ribeira dende as áreas de Cultura e Comercio co dobre obxectivo de poñer en valor e incentivar a participación da cidadanía nas celebracións de Nadal mediante a creación artística e a decoración realizada nos domicilios de todas e todos as e os ribeirenses, e ao tempo axudar ao comercio local e a hostalería que está sufrindo os efectos da pandemia da covid19.

1.- OBXECTO E FINALIDADE

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios de participación no concurso de Nadal, nas modalidades de deseño do Cartel do programa e da Postal felicitación de Nadal así como na modalidade de decoración de Fachadas, balcóns ou xardíns a través dos que se poden conseguir distintos premios en BONOS de compra para gastar no comercio e hostalería locais. Asemade se establecen os criterios para a adhesión á campaña #NadalenRibeira por parte daqueles establecementos comerciais do Concello de Ribeira que o desexen para que neles poidan canxear os bonos as persoas que resulten premiadas.

2.- REGULAMENTO PARA A PARTICIPACIÓN DA CIDADANÍA

2.1.- Modalidades dos distintos concursos:

1. Deseño de Cartel do programa de Nadal
2. Deseño da Postal felicitación de Nadal
3. Decoración de Nadal de fachadas, balcóns ou xardíns.



FIRMANTE - FECHA

EXPEDIENTE ::





2.2.- Funcionamento e participantes nas modalidades de deseño de cartel de Nadal e postal de Nadal:

- Nas modalidades de deseño do cartel de Nadal e de deseño da Postal de Nadal poderán participar todas as nenas e os nenos empadroados no municipio de Ribeira que estean escolarizados nos niveis de infantil e primaria dos centros escolares do Concello de Ribeira. De forma excepcional tamén poderán participar, as e os menores de idade que cursen estudos en infantil e primaria na actualidade en calquera centro educativo do municipio aínda que non estean empadroados no concello de Ribeira.
- Cada neno/a só poderá participar cunha creación en cada modalidade: cartel e postal.
- O tema da obra deberá estar relacionado co Nadal.
- A obra, que deberá presentarse sen texto ningún, presentarse en cartolina ríxida ou material semellante. O tamaño non poderá ser maior dun A-3 nin menor dun A4. A técnica libre: cera, colaxe, acuarela, rotuladores, ténpera...
- As obras deben ser orixinais e inéditas, polo tanto non poden ser obxecto de ningún outro premio, nin ser publicadas ou presentadas noutros concursos.
- Cada traballo asinarase con pseudónimo. Xunto co traballo entregarase un sobre pechado co mesmo pseudónimo e a idade do concursante indicados no exterior. No interior o sobre conterá: o nome e apelidos da nena ou neno, data de nacemento, curso e centro de ensino, lugar de residencia así como teléfono de contacto dos seus proxenitores/titores legais. Este sobre presentarse pegado pola parte posterior do traballo.
- Os participantes remitirán as obras, **ata o día 30 de novembro de 2020**, ao Centro Cultural Lustres Rivas (R/Manuel Lustres Rivas, 20, 2º andar, dereita, cp 15960, Ribeira), tamén poderán ser entregadas de xeito presencial.
- O xurado estará composto por tres persoas vinculadas ás artes e pola concelleira de Cultura ou a persoa en quen delegue. A decisión do xurado será inapelable.
- Calquera traballo que non presente as características esixidas quedará fóra do concurso.
- A decisión do xurado poñerase en coñecemento do centro de ensino da nena ou neno galardoado, ou comunicarse por teléfono aos proxenitores/titores legais no seu caso, o día 3 de decembro, organizando un acto público ao longo do mes de decembro para a entrega dos diplomas e bonos aos traballos premiados.
- De consideralo factible, poderase realizar unha mostra con todos os traballos presentados, que poderá ser exposta de xeito tradicional ou dixital a través dos distintos medios, o cal será comunicado publicamente no seu momento.



FIRMANTE - FECHA





2.3. Funcionamento e participantes na modalidade de decoración de Nadal de fachadas, balcóns e xardíns :

Poderá participar calquera persoa empadroada no municipio de xeito individual ou colectivo, maior de idade, cunha única decoración por persoa e enviando unha fotografía do traballo acompañada da ficha de participación cuberta (Anexo I), non aceptando como válidos aqueles traballos que non veñan acompañado da ficha que incluírá nome e apelidos dos creadores, número de DNI do participante/es, domicilio, título da creación, e teléfono de contacto ao enderezo electrónico culturaefestexos@ribeira.gal, entendendo por parte da organización que a propia participación testemuña que as obras son orixinais e inéditas á vez que autoriza ao Concello de Ribeira á súa divulgación cos fins propios desta actividade, acepta as bases e faise responsable da veracidade dos datos facilitados.

Só poderán participar no concurso aqueles traballos de decoración de fachadas, balcóns e xardíns radicados no municipio e que sexan visibles dende a vía pública, non aceptando aqueles que afecten ao interior de vivendas nin aqueles en exterior que non se contemplan facilmente por calquera viandante.

As creacións deberán estar realizadas como data límite o sábado 19 de decembro de 2020 e expostas ata o 6 de xaneiro de 2021 (ambos os dous incluídos) cuxas imaxes deberán enviarse do 13 ao 20 de decembro de 2020 ao enderezo electrónico culturaefestexos@ribeira.gal publicando no perfil de EntérateCulturaFestexos no Facebook todas as imaxes participantes do 21 ao 23 de decembro para que sexan votadas polo público.

As tres decoracións que máis GÚSTAME reciban ata o venres 8 de xaneiro ás 10:00 h serán as tres gañadoras co primeiro, segundo e terceiro premio establecidos nestas bases.

2.4.- Premios e dotación económica:

O concurso estará dotado dun total de 1.230,00 € que os gañadores das distintas modalidades deberán investir naqueles comercios do municipio e sector da hostalería e restauración adheridos á campaña. A cantidade de cada premio entregarase en vales de compra de 30€ cada un aos gañadores que terán que ser gastados de xeito íntegro nun único local comercial.

Establécese un único premio de 120 € para o gañador do concurso na modalidade de cartel de Nadal e un único premio de 120€ para o gañador do concurso na modalidade de postal de Nadal.

Para a modalidade de decoración de Nadal de fachadas, balcóns e xardíns establécense tres premios:

- 1º premio: 300 €
- 2º premio: 210 €
- 3º premio: 120 €



FIRMANTE - FECHA





Ademais entregaranse 3 premios de Reis de 120€ cada un, en vales de compra de 30€, que serán sorteados entre os nenos e nenas que asistan aos espectáculos e actividades ou participen nos obradoiros que organizará a Concellería de Cultura no marco da programación de Nadal. A ditos nenos e nenas entregaráselle un boleto/rifa cun número pola súa participación nun obradoiro, espectáculo ou actividade; os tres gañadores serán aqueles cuxo boleto/rifa coincida coas tres ultimas cifras dos números agraciados co primeiro, segundo e terceiro premio no sorteo da Lotería Nacional do Neno do día 6 de xaneiro de 2021 e que serán comunicados nas redes sociais de Cultura e na web www.ribeira.gal

2.5.- Publicación dos traballos recibidos:

Todas as creacións recibidas na modalidade de decoración de Nadal de fachadas, balcóns e xardíns serán publicadas no perfil de ENTÉRATE do Facebook co fin de que calquera persoa interesada poida entreterse coa súa visualización. Calquera creación poderá quedar eliminada e non ser publicada se a xuízo da organización pode supor un motivo de insulto, falta á verdade, mal gusto, machismo, racismo ou outro semellante. Todas as publicacións irán acompañadas do hashtag #NadalenRibeira.

Tamén a través deste perfil da Concellería de Cultura en Facebook se dará a coñecer e se difundirá o deseño premiado nas modalidades de cartel e postal de Nadal así como, chegado o momento, os boletos agraciados en combinación cos tres últimas cifras dos tres premios da Lotería Nacional do Neno.

2.6.- Caducidade de premios e vales:

No suposto de que algún premios non fosen recollidos na Concellería de Cultura antes do prazo dun mes dende a comunicación dos agraciados, perderán a súa validez e non serán entregados ás persoas interesadas.

As persoas gañadoras nas diversas modalidades do concurso de Nadal ou nos boletos premiados terán como prazo máximo para canxear os bonos/vales nun local comercial adherido á campaña, ata o 30 de xaneiro de 2021.

3.- REGULAMENTO PARA A ADHESIÓN Á CAMPAÑA COMERCIAL #NADALENRIBEIRA

3.1.- Establecementos beneficiarios:

Serán destinatarios desta campaña calquera PEME do sector comercial, hostaleiro, da restauración ou industrial, independentemente da súa actividade, radicados no municipio de Ribeira que se adhiran voluntariamente á mesma, o cal implica a aceptación das bases da promoción.





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

3.2.- Funcionamento. Mecánica e prazos da campaña:

O Concello de Ribeira outorgará 8 premios por importe total de 1.230,00 €, en vales ou bonos de 30€ cada un ata completar a totalidade segundo o premio recibido polo concursante en función da modalidade de participación ou o sorteo dos boletos.

Aqueles establecementos do municipio, do sector comercial, hostaleiro, da restauración ou industrial que cumpran coas bases desta convocatoria e estean interesados en adherirse a esta campaña poderán facelo e beneficiarse así da mesma xa que serán os locais nos que se poderán canxear os vales-bonos outorgados nesta campaña.

O Concello anunciará os traballos premiados en cada modalidade e entregará os distintos bonos, dando ata o 30 de xaneiro de 2021 como prazo aos premiados para que poidan gastar os seus vales nos establecementos adheridos à campaña.

- Cada vale de 30€ deberá gastarse integramente nun único establecemento e dito establecemento adherido estará obrigado a aceptalo como medio de pago, gardando o vale orixinal como xustificante da realización desa venda.
- Rematado o prazo para que os gañadores realicen as súas compras, cada establecemento adherido á campaña terá dende o 1 de febreiro e ata o 1 de marzo, incluídos, para presentar no Concello de Ribeira unha factura formal polo importe total dos bonos canxeados entregando ademais como xustificante os propios vales empregados polos clientes, para que posteriormente o Concello e como data límite o 30/03/2020 proceda ao abono dos mesmos por transferencia bancaria. Os establecementos participantes deberán estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e non incorrer en ningunha causa que os exclúa de poder facturar a unha administración pública, debendo facilitar o seu CIF, IBAN e a documentación que o concello estime oportuna aos efectos de efectuar o pago correspondente.

3.3.- Forma e prazo de adhesión á campaña:

Aqueles establecementos do municipio que cumpran coas bases desta convocatoria e estean interesados en adherirse a esta campaña poderán anotarse a partir dos día seguinte á aprobación e publicación destas bases en www.ribeira.gal e no taboleiro de anuncios do –Concello de Ribeira e como data límite ata o 18 de decembro de 2020 ás 13:00h.

Para inscribirse deberán enviar en dito prazo un correo electrónico ao enderezo turismo@ribeira.gal ou ao teléfono móbil 686 587 000 que inclúa os seguintes datos:

-Nome comercial do establecemento e NIF/CIF con datos fiscais (se pode adxuntar pdf mellor).

-Enderezo do establecemento e IBAN da conta bancaria (se pode adxuntar pdf mellor).

-Nome e apelidos así como teléfono da persoa de contacto: propietario/xerente/encargado



FIRMANTE - FECHA





4.- ÓRGANO COMPETENTE PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

A instrución e resolución do procedemento corresponderalle ás Concellaría de Cultura e Turismo/Comercio a través do seu persoal sen ser preciso a constitución dunha comisión avaliadora no caso dos premios na modalidade de decoración de fachadas e xardíns xa que os premios serán outorgados aos que obteñan máis “Gústame” no perfil de Entérate Cultura e Festexos de FACEBOOK, e a través dun xurado para as modalidades de deseño de cartel e postal de Nadal, así como en combinación coas tres últimas cifras dos tres primeiros premios da Lotería Nacional do Neno no caso dos tres premios dos boletos entregados aos cativos participantes nas actividades, espectáculos ou obradoiros da programación cultural de Nadal.

Resolución do procedemento:

O órgano competente para resolver o procedemento será a Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local aprobará a resolución dos premios e vales-bonos de compra en base ao informe emitido polo persoal das Concelleiras de Cultura e Turismo/Comercio e á decisión do xurado segundo o caso.

Contra a resolución adoptada na execución da presente convocatoria poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes dende a data de publicación da resolución. Entenderase desestimado o recurso se transcorrido un mes dende a súa presentación non se obtivese resposta, podendo nese caso interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, tal e como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Todas as notificacións e publicacións relacionadas con esta subvención realizaranse na páxina web municipal www.ribeira.gal e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira.

5.- ORZAMENTO DA CONVOCATORIA

A contía da convocatoria a realizar de conformidade coas presentes bases ascende a 1.230,00 euros, con cargo á partida 334.48000 do Orzamento municipal de Ribeira do ano 2020.



FIRMANTE - FECHA





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

6.- ACEPTACIÓN DAS BASES E AUTORIZACIÓNS EN CANTO Á L.P.D.

A mera participación nalgunha das modalidades deste concurso supón a aceptación plena de todas as bases, así como a autorización á entidade organizadora a empregar a imaxe e datos das persoas gañadoras no concurso para os efectos de publicidade do resultado do mesmo.

Así, aos efectos do establecido na Lei Orgánica 3/2018 de protección de datos e RGPD, o Concello de Ribeira comunica que estes datos de carácter persoal forman parte dun ficheiro na área de Cultura, podendo exercitar os seus dereitos ARCO na seguinte dirección de correo postal: Praza do Concello, s/n, CP 15960, Ribeira (A Coruña).

O incumprimento dalgunha destas bases supón a privación de todos os dereitos que poidan derivar da participación da campaña.

No caso de que algunha persoa premiada ou agraciada renuncie a algún premio deberá formalízalo por escrito na Concellería de Cultura no mesmo prazo fixado para a reclamación dos premios; unha vez rematado o prazo, todos os premios e vales/bonos do sorteo non canxeados perderán a súa validez e non poderán ser reclamados.

Ribeira, na data da sinatura dixital.

María Sampedro Fernández
Concelleira de Cultura

7/8



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40008F26C00Q6M5L6N8C8A4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA, INFRAESTRUCTURAS E URBANISMO. - 17/11/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/11/2020 12:52:29

EXPEDIENTE ::

2020CONV000020

Fecha: 11/11/2020

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





ANEXO I: FICHA PARTICIPACIÓN NA MODALIDADE DE DECORACIÓN DE NADAL DE FACHADAS, BALCÓNS E XARDÍNS

Nome e apelidos (dun ou de todos os participantes de ser colectivo):

Con DNI (do representante de ser un colectivo) _____

Representa a (nome e apelidos, en caso de menores de idade): _____

_____ nado o (data de nacemento) _____

Data de nacemento (do representante): _____ Teléfono: _____

Domicilio onde se atopa a decoración (pode ser igual ou distinto ao do participante):

Localidade do participante: _____ Código Postal: _____

Título da decoración: _____

DECLARO que a obra presentada é orixinal e inédita e AUTORIZO ao Concello de Ribeira a publicala e difundila nas súas redes sociais, medios de comunicación e outros cos fins propios do concurso, así como ACEPTO as bases que regulan este concurso.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE RIBEIRA, con dirección en PRAZA DO CONCELLO, S/N, 15960 - RIBEIRA (A CORUÑA); lopd@ribeira.gal O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE RIBEIRA é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en lopd@ribeira.com. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, CONCELLO DE RIBEIRA dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional y detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: lopd@ribeira.com

